

Estimadas familias:

Segundo as orientacións provisionais do 17 de abril para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 que nos enviaron aos centros, **durante este terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores** que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.

Polo tanto, mentres non nos indiquen outra cousa, seguiremos con este tipo de actividades sen adiantar materia.

Para a avaliación do alumnado téranse en conta os traballos realizados polo alumnado, entón, a partir de agora os traballos realizados polos alumnos/as enviaranse para a súa corrección e valoración.

A partir da semana que ven, ao alumnado que presente dificultades para poder imprimir as fichas de traballo enviaránselle as fichas impresas aos seus domicilios a través dos membros de protección civil.

As fichas irán nunhas carpetas as cales deberán ser devoltas coas fichas elaboradas polos nenos/as ou baleiras.

Os traballos realizados polo alumnado enviaranse por correo electrónico para ser corrixidos e valorados á seguinte dirección: titoriacuartobego@gmail.com . Os que non poidan mandar os traballos ao correo que devolvan as fichas por protección civil cando lle entreguen as novas. Se houberse algún problema buscaremos outras alternativas.

Ante calquer dúbida ou incidencia podeades enviarme un correo electrónico a: titoriacuartobego@gmail.com ou ben chamarme ao teléfono do centro: **988788890** e intentarei resolver as dúbidas do alumnado e as vosas á maior brevidade posible.

Cando se entreguen as tarefas, as familias podeades adxuntarme un apartado de observacións no que me expliquedes que tal foi a semana, se as tarefas propostas presentaron dificultades, se foron moitas, como se amosaron os nen@s á hora de facelas ou calquer outra consideración que se vos ocorra ao respecto.

Ainda que de momento non avanzaremos materia enviaremosvos os libros á casa por se queredes facer alguna consulta. Lembrade que na maioría dos casos son libros de préstamo e que cando remate o curso haberá que entregalos no centro en boas condicións.

Espero que nestes días se incorporen á plataforma Abalar os alumnos/as da clase que faltaban por descargala e así poder empregala para comunicarme con todos vos.

Tendo en conta as diferentes casuísticas que hai dentro da aula a nivel de medios de conexión dixital e coa idea de chegar a todos sen crear diferenzas entre o alumnado optarei, nun principio, por realizar chamadas telefónicas ás familias e ao alumnado (ao ser o medio do que todos dispoñen) para resolver calquera dúbida que haxa buscando a maneira máis accesible para poder dar resposta. Gustaríame deste xeito poder responder as vosas inquiredanzas e ao mesmo tempo estar preto do alumnado dándolle o meu apoio nestes momentos tan difíciles.

Iremos vendo como resulta este novo xeito de traballar. Na medida en que sexa posible e accesible a todo o alumnado iremos incorporando novos medios para comunicarnos.

Para os alumnos/as que presentan maior dificultades seguiremos contando coa axuda das mestras que impartían reforzo ao alumnado da nosa aula. Nos vindeiros días veremos a maneira de artellar a atención para este alumnado.

A situación que estamos vivindo é moi difícil e complexa para todos. Quero dicirvos que estou ao voso lado para axudarvos no que poida a vos e aos vosos fill@s .Entre todos buscaremos a mellor maneira de sair adiante.

Quero agradecer o voso apoio e comprensión nestes momentos. Moitas grazas a tod@s pola vosa colaboración.

Moito ánimo!!!!!! Xuntos sairemos adiante.

Unha forte aperta.

A titora de 4º de Educación Primaria. Begoña.